

22
+42

64 ✓

DÍA
TÍA
MÍA

M A R I A

V Á Z Q U E Z



S U A R E Z

PSOE VS PP



-1-

María Vázquez Suárez naceu en Santiago en 1895. Ela foi mestra feminista e socialista, filla de Joaquín Vázquez (de ribeicura) militar e logo empresario e de Adrea Suárez, cantineira de rexemento de Joaquín.

O título de mestra superior acadado María en 1913 e en 1918 é nomeada para a escola de nenhas da pobra do Caramiñal, logo de demorarse a obtención da praza que obtiveran en 1917 para un destino en Castellón, feito que ocasionou protestas públicas na prensa por parte de seu pai. Non é ata decembro de 1929 cando consigue a praza na escola número 2 de Miño.

Dende o inicio da súa andaina profesional intereseouse pola formación pedagóxica, recibindo cursos de perfeccionamento na Coruña onde estivo con María Barbeito, e simpatizou co movemento de renovación pedagóxica impulsando pola República, coa organización de numerosas saídas escolares co alumnado de Miño. María tamén tiña bodos de costureira e facíalles uniformes para as alumnas sen "distinción de clase".

En Miño, María é lembrada pola súa actividade solidaria a favor das persoas máis desfavorecidas e pola súa intensa actividade política, pois María militou no PSOE, participou en mítins e diversos actos, e foi fundadora da agrupación socialista de Miño en 1933. Estaba tamén afiliada á sección de ensino da UGT desde 1933 e era socia de agrupacións feministas destacando nos seus discursos a preocupación polos dereitos das mulleres. En 1933, tamén impartiu unha conferencia no local Coruñés da Liga Internacional de mulleres Ibéricas e Hispanoamericanas.

Conta en Vilaescusa que fora animada a esta actividade social e política polo seu pai, que vira na súa filla unha grande oradora e defensora da liberdade.

No momento do golpe militar, María atopábase na Coruña, onde foi detida a inicios de agosto e trasladada ao cárcere de Ponte deume. Alí onde sufriu tortura, non lle deixaron comunicarse con ningún nin permitiron que seu pai lle entregase roupa ou comida.

- 3 -

Estando encarcerada, o 14 de agosto foi destituída como mestra, documento de destitución que asina con pulso vacilante María un día antes do seu asasinato.

Na madrugada do 19 de agosto, falanxistas e gardas civís de Pontedeume sacaron a María do cárcere xunto con outros presos, e asasinárona nunha praia de miño, aínda que a súa morte non foi rexistrada ata decembro.

Foi acusada, entre outras cousas, de postular a escola laica e o amor libre, así como de enterrar á súa nai sen rito católico (cando Andrés morreu en 1934, realizáronlle un enterro civil).

Tras a súa morte, Joaquín, foi obrigado a abandonar Miño e regresou a Vilascura en 1941, onde antes de morrer en 1950 deixou unha mensaxe detrás desta foto da súa gilla que poñía: María Vázquez Suárez, Mestra de Miño - Fusilada polos falanxistas de Pontedeume o 19 de agosto de 1936.

!Covardes!

De Niua